

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 26 DE XULLO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se nomean os vogais do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, expertos no eido da Administración pública.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Lugo.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Lugo.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo para aprobación das bases e acordo de convocatoria do concurso para o outorgamento de licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Turismo e o Concello de Portomarín, Lugo, para a reforma de edificacións e creación de albergue turístico, por importe de 215.620,29 euros.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Abegondo para a mellora da intersección no pq:7+700 da AC-542 (Mabegondo, Abegondo) por importe de douscentos corenta e un mil seiscentos setenta e catro euros (241.674,00 euros).

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Trabada para a construción dun punto limpo no concello de Trabada (Lugo) por importe de douscentos noventa e oito mil douscentos noventa e cinco euros e dez céntimos (278.295,10 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Axencia Galega de Investigación, en relación coa Resolución da Axencia Galega de Innovación, pola que se establecen as bases para a concesión das axudas correspondentes ás prórrogas do programa Isidro Parga Pondal (adxudicación do ano 2009) e axudas para bolsas de estafías correspondentes a investigadores contratados ao abeiro do Programa Ángeles Alvariño en centros alleos ao sistema Universitario de Galicia (SUG), ao abeiro das accións financiadas polo FSE de formación de investigadores, do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, e se procede á súa convocatoria, por importe total de cincocentos setenta e oito mil oitocentos euros (578.800,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria a subscripción dun convenio de colaboración co Concello das Somozas para a execución do proxecto de mellora do parque empresarial das Somozas cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER-GALICIA 2007-2013, por importe total de dous millóns cincocentos dous mil euros (2.502.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cangas para a adecuación de liñas eléctricas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe total de un millón novecientos oitenta e un mil euros (1.981.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda segunda ao convenio de colaboración, asinado o 18 de outubro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de trescentos dezaseis mil cento trinta e dous euros con corenta e dous céntimos (316.132,42 euros).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza, por un importe total de trinta mil euros (30.000 euros).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, as centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores de Galicia, Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, Confederación Intersindical Galega, e a Confederación de Empresarios de Galicia, para o desenvolvemento de actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Importe total: trescentos mil euros (300.000,00 euros).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Defensa para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2012 por importe de cincocentos corenta e nove mil novecentos trece euros (549.913,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a actuación en prevención e defensa contra incendios forestais por importe de setecentos cincuenta mil euros (750.000,00 euros).
- Acordos polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade, para financiar os seus gastos de funcionamento no ano 2012, por un importe total de catrocentos sesenta e nove mil catrocentos trinta e dous euros con noventa e nove céntimos (469.432,99 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o proxecto de decreto para a creación da Axencia de Turismo de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a execución orzamentaria.
- Informe sobre a actualización da orde pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma.

## **A EGAP NOMEA OS CATEDRÁTICOS ROBERTO BLANCO VALDÉS E ÁNGEL GÓMEZ-IGLESIAS NOVOS VOGAIS DO SEU CONSELLO REITOR**

- ***O xuíz decano de Ourense, Antonio Piña Alonso, e os catedráticos de dereito administrativo José Luis Carro Fernández-Valmayor e José Luis Meilán Gil repiten no cargo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de nomeamento dos novos vogais do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, que neste mandato introduce como novidade a presenza dos profesores Roberto Blanco Valdés e Ángel Gómez-Iglesias Casal.

Finalizado o mandato do anterior Consello Reitor da Egap, e conforme a lexislación vixente para a entidade, era necesario designar os cinco profesionais da Administración pública que formarán parte do Consello Reitor durante os próximos catro anos.

Así, o catedrático de dereito constitucional da Universidade de Santiago de Compostela, Roberto Blanco Valdés, e o de dereito romano da USC, Ángel Gómez-Iglesias Casal, cubrirán as dúas prazas que quedan vacantes. Os vogais saíntes son a conselleira electiva do Consello de Estado e catedrática de Fiscalía Moral na Universidade Nacional de Educación a Distancia, Amelia Varcárcel Bernaldo de Quirós; e o catedrático de dereito financeiro e tributario da Universidade Autónoma de Madrid, Álvaro Rodríguez Bereijo.

Doutra banda, os outros tres expertos que formarán parte do Consello Reitor da Egap repiten no posto. Trátase do catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, José Luis Carro Fernández-Valmayor; o catedrático emérito de dereito administrativo da Universidade da Coruña, José Luis Meilán Gil e o maxistrado decano dos xulgados de Ourense, Antonio Piña Alonso.

O Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública ten atribuída, entre outras facultades, a de establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou ás actividades que convoque a Escola.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE LUGO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establece a conformación oficial do escudo e a bandeira do concello de Lugo.

O escudo de Lugo terá fondo azur (azul), presidido por unha torre principal adornada cun torreón en cor prata (branco). As portas e as ventás ensínanse fechadas en gules (vermello), un esmalte que é diferente ao do castelo. A torre principal está rodeada por dous leóns fronte a fronte de ouro (amarelo), linguados e armados, é dicir, coas goupas tintadas en gules, diferente á cor do corpo.

O escudo representa por encima da torre, e sen tocala, un cáliz de ouro coa Hostia de prata, radiante de ouro. Aparece franqueado por dous anxos coas mans xuntas en actitude de orar que se representan sobre nubes, ao natural. Bordura de prata coa divisa "Hoc hic mysterium fidei firmiter profiteamur" (*Aquí, con fe firme, confesamos este misterio*) en letras de sable (negro). Na parte superior do escudo, a coroa real pechada.



### ***Bandeira de Lugo***

Por outra banda, o Concello de Lugo considerou tamén conveniente organizar correctamente a súa bandeira para perpetua coa simboloxía adecuada e conforme as normas da heráldica.

Deste xeito, a bandeira de Lugo quedaría sobre pano branco, o escudo da cidade sostido por dous leóns que se manteñen erguidos fronte a fronte de amarelo, linguados e con elementos en vermello.



## **O GOBERNO GALEGO CONVOCA O CONCURSO PÚBLICO PARA OUTORGAR 84 LICENZAS RADIOFÓNICAS DE FM**

- *Valorarase o fomento do emprego e o compromiso de emitir en galego por riba do límite fixado pola lexislación vixente.*
- *Outros aspectos que se terán en conta son a viabilidade económica da emisora, as características técnicas do proxecto e as características da emisión e programación.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria do concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación do servizo audiovisual radiofónico de titularidade privada en Galicia xunto coas bases reguladoras do devandito concurso. A Comunidade Autónoma dispón actualmente de 84 frecuencias dispoñibles para a súa xestión por parte de persoas físicas ou xurídicas.

As bases da convocatoria aprobada hoxe establecen a obrigatoriedade de estruturar as solicitudes de licenza en tres bloques fundamentais: experiencia e proposta de programación, proposta económica e proposta tecnolóxica. As licenzas concederanse por un período de quince anos, sen prexuízo de posibles renovacións, en virtude da lexislación vixente.

Entre os criterios de valoración destacan o fomento do emprego e o compromiso de emitir en galego por riba do límite fixado pola lexislación vixente. Outros aspectos que se terán en conta na avaliación das solicitudes son a viabilidade económica da emisora, as características técnicas do proxecto, as características de emisión e programación, así como o compromiso de non transmitir a licenza durante un período de tempo superior aos dous anos fixados pola Lei de Comunicación Audiovisual.


Este concurso convócase logo de que o Consello da Xunta declarase deserta a convocatoria anterior ao detectar incompatibilidades entre as súas bases e o réxime xurídico do novo Decreto que desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto aprobábase cando xa estaba en trámite o anterior concurso.

Agora, o concurso aprobado hoxe dá solución aos problemas atopados e garante a seguridade xurídica de calquera posible licitador ou adxudicatario das licenzas, ao tempo que salvagarda o interese público.





FRECUENCIAS OFERTADAS



A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
2	ARZUA	2	BECERREA	2	ALLARIZ	1	ARBO
5		2	CHANTADA	1	AVION	3	ESTRADA
	CARBALL	2		3	BARCO	1	LALIN
0			FONSAGRADA		VALDEORRAS	3	PONTEVEDRA
3	CARIÑO	2	FOZ	2	CARBALLIÑO	1	TUI
2	CEE	4	LUGO	2	CELANOVA	1	VILAGARCIA
3	CORUÑA	2	MONFORTE	1	LOBIOS		AROUSA
3	FERROL		LEMOS	3	OURENSE		
2	MUROS	1	NAVIA	2	RIBADAVIA		
1	ORDES		SUARNA	2	VERIN		
5		2	PALAS REI	1	VIANA DO BOLO		
	SANTIAG	1	QUIROGA	2	XINZO DE LIMIA		
0		1	RIBADEO				
2	VIMIANZO	2	SARRIA				
		1	VILALBA				
		3	VIVEIRO				



## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU HOXE A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE TURISMO E O CONCELLO DE PORTOMARÍN PARA CONVERTER EN ALBERGUE A ANTIGA ESCOLA 'VIRXE DA LUZ'**

- ***O convenio de colaboración implicará a reforma de edificacións e a creación dun albergue turístico no concello de Portomarín para reforzar as instalacións existentes***
- ***O orzamento destinado ao proxecto ascende a 215.620,29 euros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Turismo e o Concello de Portomarín para a reforma de edificacións e a creación dun albergue turístico no concello de Portomarín, en Lugo. A elevada afluencia de peregrinos que atravesan a vila fai necesario reforzar as instalacións existentes.

Entre os obxectivos básicos da Secretaría Xeral para o Turismo figura o de levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos. No ámbito das súas competencias, dará un decidido impulso ás iniciativas que diversifiquen a oferta turística e de calidade nos distintos municipios galegos, e neste caso á reforma de edificacións, varias delas destinadas á creación dun albergue turístico en Portomarín.

O convenio establece, polo tanto, as liñas de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Turismo e o Concello de Portomarín para a execución do proxecto, achegando a cantidade necesaria para levar a cabo as obras.

Por outra parte o concello poñerá á disposición da Administración autonómica, libre de cargas e gravames, sen reserva ningunha, a edificación denominada Antiga Escola Virxe da Luz, co compromiso de manter o investimento por un período de cinco anos como mínimo segundo o artigo 57 do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello. Do mesmo xeito, renuncia expresamente á percepción de calquera tipo de taxa ou tributo por motivo das obras (licenzas de construción, de apertura, de obras etc.) e, unha vez finalizadas as obras, a xestión, mantemento e conservación do albergue corresponderán ao Concello de Portomarín.

A vixencia do convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2012. O orzamento destinado ao proxecto ascende a douscentos quince mil seiscentos vinte euros con vinte e nove céntimos (215.620,29 euros), que achega integramente a Secretaría Xeral para o Turismo.

## **MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 241.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA AC-542, EN MABEGONDO, PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA**

- *Na actualidade preséntase unha situación de inseguridade derivada dos xiros á esquerda existentes, que se ven agravados pola alta intensidade de tráfico entre as estradas AC-542 e a CP-016*
- *A actuación ordenará todos os movementos que se producen na zona en dirección Carral, Oza dos Ríos, Betanzos ou Abegondo*
- *Como obras complementarias destacan a instalación de beirarrúas e dunha nova marquesiña, colocación de bordos e iluminación da nova glorieta*
- *A execución destas obras, cuxo prazo é de seis meses, beneficiará os máis de 5.800 habitantes do concello de Abegondo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Abegondo para a mellora da intersección da AC-542 (Betanzos-Mesón do Vento) coa CP-0106, á altura do PQ 7 + 700 en Mabegondo.

A Axencia Galega de Infraestruturas inviste máis de 241.000 euros nestas obras de mellora. Neste senso, cómpre lembrar que a Xunta ten entre os seus obxectivos a optimización da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione aos usuarios unhas condicións de condución cómodas e seguras.


Na actualidade preséntase unha situación de inseguridade viaria derivada dos xiros á esquerda existentes, que se ven agravados pola alta intensidade de tráfico entre ambas as dúas estradas, debido ao enlace coa A-6 que se atopa a pouca distancia desta intersección na CP-0106.

A actuación consistirá na construción dunha glorieta de catro accesos na estrada AC-542, que ordenará todos os movementos que se producen na zona en dirección Carral, Oza dos Ríos, Betanzos ou Abegondo. Como obras complementarias destacan a instalación de beirarrúas e dunha nova marquesiña, colocación de bordos e iluminación da nova glorieta.

A execución destas obras, cuxo prazo é de seis meses, beneficiará os máis de 5.800 habitantes do concello de Abegondo.

Neste contexto, a Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Abegondo, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que proporcione unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

No seguinte plano pódese apreciar a rotonda que mellorará a circulación do tráfico nesta zona do concello coruñés de Abegondo.



## **A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ PRETO DE 280.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO LUCENSE DE TRABADA**

- *Permitirá o depósito e clasificación daqueles residuos urbanos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade*
- *Tamén se evitará a vertedura incontrolada de estultos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos*
- *Por outra banda, facilitarase a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe*
- *Na Comunidade Autónoma galega lévanse investidos dende principios de lexislatura máis de 4,5 millóns de euros neste tipo de infraestruturas de xestión de residuos*
- *Galicia conta cunha rede de 124 puntos limpos en servizo, que se elevarán a 136 cos que se están a tramitar na actualidade*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnico-financeira co concello de Lucense de Trabada, co fin de levar a cabo a construción dun punto limpo neste municipio, que permitirá o depósito e clasificación daqueles residuos urbanos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade.

Os obxectivos principais da construción desta infraestrutura consisten en separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde, como os medicamentos, pilas e pinturas, entre outros.

Así mesmo, tamén se evitará a vertedura incontrolada de estultos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos. Por outra banda, facilitarase a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

Esta obra terá un prazo de execución de cinco meses. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten prevista a licitación desta obra para o vindeiro mes de agosto.

### **Colaboración con entidades locais**

Este expediente foi tramitado ao abeiro do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, que prevé a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coas entidades locais.

Mediante a dita normativa establécese a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras en materia de xestión de residuos, incluídas a recuperación de espazos degradados por verteduras e os proxectos técnicos - construtivos das obras anteriores nos termos municipais da Comunidade Autónoma.

A porcentaxe de financiamento por parte da Xunta poderá acadar ata o 100% do total do custo da obra.

Na Comunidade Autónoma galega lévanse investidos dende principios de lexislatura máis de 4,5 millóns de euros nestas actuacións de xestión de residuos.

O investimento en Trabada estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta de Galicia que, con este, pasa a constar de 136, dos que 124 xa están construídos

## **A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 600.000 DE EUROS NA PRÓRROGA DE CONTRATOS E NOVAS ESTADÍAS NO ESTRANXEIRO DE INVESTIGADORES GALEGOS**

- *Os centros tecnolóxicos e de investigación recibirán axudas da Axencia Galega de Innovación para darlle continuidade á relación laboral con estes profesionais ata o final de 2014 ao amparo do Programa Isidro Parga Pondal*
- *O Consello da Xunta aprobou tamén a convocatoria de axudas no marco do Programa Ángeles Alvariño para financiar estadías no estranxeiro que lles permitan completar a súa formación aos investigadores galegos recentemente doutorados*
- *A Xunta de Galicia, dentro do seu plan i2C e no marco da nova Axencia Galega de Innovación, está a apostar pola valorización do coñecemento e a necesaria transferencia dos resultados da investigación á empresa*

A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, investirá preto de 600.000 euros na continuidade dos contratos así como novas estadías no estranxeiro de investigadores galegos. Deste xeito, vén de aprobarse no Consello da Xunta ás axudas para a prórroga dos contratos de sete científicos en centros tecnolóxicos e de investigación galegos ao amparo do Programa Isidro Parga Pondal, ademais de autorizarse a convocatoria de axudas do Programa Ángeles Alvariño para financiar novas estadías no estranxeiro que lles permitan completar a súa formación aos investigadores galegos recentemente doutorados.

As axudas para prorrogar contratos, que deberán ser solicitadas polos candidatos coa conformidade dos organismos responsables da súa contratación, serán convocadas ao amparo do Programa Isidro Parga Pondal a través do Diario Oficial de Galicia (DOG) nos próximos días. Os fondos, que en total ascenden a 478.000 euros, seranlles transferidos ás entidades contratantes –centros tecnolóxicos e de investigación- para que executen a prolongación da relación laboral con estes profesionais, cunha asignación de 34.200 euros por ano e contrato.

Estas axudas convocaranse no marco do reto dirixido á captación, formación e retención do talento tal e como se reflicte no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015. En concreto, trátase dunha liña de actuación centrada na xestión do talento mediante o apoio á carreira investigadora baixo a premisa de que a excelencia e a competitividade do Sistema Galego de I+D+i dependen directamente das persoas e sempre baixo o marco da importancia da transferencia dos resultados da investigación á empresa.

Os beneficiarios últimos destas axudas públicas serán os sete doutores contratados por centros de investigación e centros tecnolóxicos en 2009 ao amparo do Programa Isidro

Parga Pondal. Estes científicos beneficiaranse dunha prórroga de dous anos no seu contrato, o que lles permitirá consolidar o seu posto ata o remate de 2014.

Esta medida ten por obxectivo equiparar a duración das axudas e contratos establecidos ao abeiro do Parga Pondal coa duración das axudas e contratos do Programa Ramón y Cajal do Ministerio de Economía e Competitividade, que ascende a cinco anos.

A través deste tipo de programas a Xunta apoia e impulsa o labor dos organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos para que leven a cabo as contratacións e as prórrogas dos contratos, o que na práctica converte estas entidades nos responsables últimos da consolidación destes investigadores e tecnólogos.

### **Estadías no estranxeiro**

O outro paquete de axudas aprobado hoxe no eido dos recursos humanos do Sistema Galego de I+D apoia as estadías no estranxeiro de científicos de centros de investigación galegos non universitarios contratados ao abeiro do Programa Ángeles Alvariño, mediante o que se lle dá soporte á incorporación laboral de recentemente doutorados.

Estas bolsas, que serán convocadas tamén proximamente a través do DOG, teñen como finalidade favorecer a actualización de coñecementos e a adquisición de novas técnicas de investigación, así como completar a formación dos investigadores de Galicia, mediante a súa incorporación temporal a centros do exterior, preferentemente do estranxeiro.

Poderán ser solicitadas polo persoal investigador que dispoña dun contrato vixente Ángeles Alvariño nun dos trece centros de investigación galegos alleos ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), sempre que aínda non completasen 24 meses de estadías noutros centros alleos e que non acadasen o grao de doutor/a nunha universidade estranxeira.

A contía total destinada a estas bolsas ascende a 100.000 euros, que irán destinados a cubrir unha primeira axuda para os gastos de desprazamento e seguros e unha asignación mensual bruta que dependerá do lugar de destino. Así, será dun máximo de 1200 euros se a incorporación se produce en España, Portugal ou Andorra; de 1500 euros se é no resto de países de Europa, África ou Iberoamérica; e de 1900 euros se a incorporación se produce en Estados Unidos, Canadá ou países de Asia e Oceanía.

Estas axudas enmárcanse no eixo estratéxico de xestión do talento do I2C, que recolle como un dos seus obxectivos incrementar a mobilidade tanto dentro do Sistema Galego de Innovación coma no ámbito doutros sistemas de I+D+i, especialmente para incrementar a presenza galega no Espazo Europeo de Investigación e para atraer talento de referencia internacional.



## **ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA MÁIS DE 2,5 MILLÓNS Á MELLORA DO PARQUE EMPRESARIAL DO MUNICIPIO CORUÑÉS DAS SOMOZAS PARA IMPULSAR A SÚA COMPETITIVIDADE E ATRAER NOVOS INVESTIMENTOS**

- ***A consellería asinará un convenio co Concello que permitirá mellorar os accesos ao polígono, habilitando unha conexión directa coa AC-110***
- ***Con este investimento, destinado ao desenvolvemento industrial da zona e á creación de emprego, tamén se apoiará a posta en marcha de aparcadoiros e zonas verdes***

A Consellería de Economía e Industria destinará 2,5 millóns de euros á mellora do parque empresarial do municipio coruñés das Somozas, co obxectivo de impulsar a súa competitividade e promover así a atracción de novos investimentos á zona e a toda a comarca do Eume.

Será mediante un acordo de colaboración co Concello das Somozas que vén de autorizar o Consello da Xunta, e que permitirá mellorar os accesos ao polígono, habilitando unha conexión directa coa estrada comarcal AC-110.

Entre as actuacións que se desenvolverán mediante o acordo, cofinanciado con fondos Feder, inclúense tanto a redacción do proxecto e a dirección da obra, como a adquisición dos terreos necesarios, así como a propia execución das obras. As obras deberán executarse ao longo deste ano e do próximo.

O obxectivo do Goberno galego co desenvolvemento destas actuacións é contribuír a establecer unha contorna económica e empresarial favorable á creación de emprego e ao desenvolvemento deste municipio, así como a mellora da competitividade do tecido produtivo das Somozas e de toda a comarca do Eume, dentro do marco de apoio especial á zona posto en marcha tras o peche da mina das Pontes.

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA INVISTE 2 MILLÓNS DE EUROS NA REORDENACIÓN E MELLORA DA CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DE CANGAS**

- ***O Consello da Xunta autoriza á Consellería que dirixe Javier Guerra a sinatura dun acordo co Concello que permitirá avanzar na estratexia de optimización das infraestruturas enerxéticas na Península do Morrazo***
- ***Reconfiguraranse as liñas eléctricas do municipio co obxecto de atender o seu crecemento social e económico***
- ***O obxectivo é favorecer a mellora da competitividade das actividades económicas e produtivas de toda a comarca, xunto coa calidade de vida dos veciños***

A Consellería de Economía e Industria investirá preto de 2 millóns de euros para reordenar as liñas eléctricas en Cangas e mellorar así a calidade da subministración, ao tempo que se atende o desenvolvemento urbanístico do municipio e se garante a seguridade da cidadanía fronte ás instalacións existentes.

Será mediante un acordo co Concello de Cangas, que vén de autorizar o Consello da Xunta, e que se enmarca dentro da estratexia de optimización das infraestruturas enerxéticas na Península do Morrazo que está a desenvolver a Consellería que dirixe Javier Guerra. Neste plan especial, que inclúe tamén a posta en marcha dun centro de reflexión eléctrica en Moaña, inclúese o futuro traslado e repotenciación da subestación de Cangas, para o que é tamén necesaria a adecuación das liñas que apoia este acordo.

Esta iniciativa, que inclúe a variación de liñas eléctricas para a realización do novo tendido e conexión de novos circuítos de alta tensión de enlace coas infraestruturas existentes, cofinanciarase con fondos Feder e terá un carácter bianual.

A colaboración co Concello de Cangas desenvolverase dentro da aposta global da Xunta de Galicia a prol da eficiencia como un dos eixos da política enerxética e económica, incentivando neste caso a creación de infraestruturas de distribución eléctrica que permitan ao Concello e a súa área de influencia un crecemento ordenado.

Neste sentido, a reordenación das liñas eléctricas en Cangas está orientada a atender as necesidades enerxéticas, optimizar o consumo, minimizar o impacto ambiental, incrementar a competitividade empresarial, e prever as necesidades futuras e o abastecemento sustentable da Península do Morrazo, favorecendo así unha mellora da competitividade das actividades económicas e produtivas de toda a comarca, xunto coa calidade de vida dos veciños.

## **CULTURA E EDUCACIÓN COLABORA COA FUNDACIÓN ECCA PARA FACILITAR Á CIDADANÍA GALEGA O ACCESO Á FORMACIÓN AO LONGO DA VIDA**

- ***A consellería asinará unha nova addenda ao convenio para a formación de adultos para a obtención do graduado en ESO***
- ***A metodoloxía usada, con emisións radiofónicas de clases, axuda a achegar a educación ás persoas que, por diversas circunstancias, non poden asistir ás clases de forma habitual***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura da addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA na formación de persoas adultas para a obtención do título de graduado en educación secundaria. Este acordo supón dar continuidade a unha colaboración que se vén desenvolvendo desde o ano 2005, e que favorece a formación das persoas ao longo da vida, co fin de que poidan acadar mellores oportunidades no mundo laboral.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación destina nove profesores á atención do alumnado que se apoia na metodoloxía propia da Fundación ECCA -baseada nas emisións radiofónicas- para a obtención do devandito título, básico no sistema educativo actual. Cómpre salientar que esta metodoloxía resulta especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia habitual ás clases nun centro ordinario de educación de adultos.

A Fundación ECCA, que ten como obxectivo fundamental a promoción cultural e a elevación da formación humana das persoas, vén inscribindo máis de medio millar de persoas adultas de Galicia nas actividades de preparación para as probas de graduado en secundaria.

De feito, no curso que acaba de rematar inscribiu 796 824 persoas adultas de Galicia nas actividades de preparación para as probas de graduado en secundaria, que se apoiaron na metodoloxía e no material didáctico deseñado por ECCA, tanto escrito como audiovisual, para esa preparación. Ademais, puxéronse á disposición destas alumnas e alumnos clases radiofónicas e presenciais establecidas

### **Materials e docencia**

Ao abeiro desta addenda Fundación ECCA porá á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía, concretamente libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias. Ademais, ECCA comprométese a emitir as correspondentes clases, unha hora diaria de luns a venres entre outubro e maio, e unha hora diaria de luns a venres entre xullo e agosto para clases de repaso. Os estudantes poderán

escoitalas desde a canle 96.5 FM,– con cobertura en todas as Rías Baixas-, ou ben acceder aos CD que a Fundación deberá repartir a quen non teña cobertura para estas emisións.

Pola súa banda, a consellería destinará nove profesores para atender este alumnado, orientalo, e gravar as clases que se emiten por radio. Ademais, estes docentes elaborarán os materiais escritos específicos que utilizan as persoas adultas que seguen estas ensinanzas.

### **Formación ao longo da vida**

A colaboración con esta fundación ten como obxectivo impulsar a formación das persoas ao longo da vida, valéndose da capacidade dos medios de comunicación social –neste caso a radio- para chegar a todas as persoas, independentemente da súa situación xeográfica.

Así, a consellería dá resposta a un maior número de persoas adultas que precisan da devandita titulación, básica no sistema educativo actual. Por outra banda, o acordo supón ampliar a oferta educativa para as persoas adultas a través dunha modalidade de formación semipresencial que incorpora a radio como vehículo de transmisión de saberes e coñecementos.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN COLABORARÁN NA FORMACIÓN DE ALUMNADO DE FP DE MADEIRA, MOBLE E CORTIZA**

- ***Os estudantes dos ciclos desta familia que se imparten no CIFP Politécnico de Lugo utilizarán as instalacións e equipamentos da fundación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción colaborarán o vindeiro curso 2012/2013 na formación de alumnado de Formación Profesional da familia de madeira, moble e cortiza, dando continuidade á anterior colaboración da Consellería coa Fundación San Calixto de Lugo (cuxas instalacións son agora xestionadas polo devandito ente).

Ao abeiro do convenio, a cuxa sinatura deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta, a fundación pon á disposición do alumnado do 1º curso do ciclo medio Carpintaría e moble e do 2º curso do ciclo medio Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble, que se imparte como parte da oferta formativa do CIFP Politécnico de Lugo, os espazos e o equipamento preciso, segundo a normativa vixente. Os gastos específicos ordinarios de funcionamento destes cursos serán asumidos pola consellería, que tamén achegará o persoal docente necesario.

Trátase dun novo compromiso da consellería coas ensinanzas de FP, procurando a mellor formación práctica do seu alumnado. Neste sentido cómpre salientar que o espazo e equipamento da Fundación permiten ao alumnado dos devanditos ciclos adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais.

## **MÁIS DE 3.300 TRABALLADORES E EMPRESARIOS BENEFICIARÁNSE DE 117 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a CEG e os sindicatos UXT, CC.OO e CIG***
- ***Os sindicatos e a patronal desenvolverán cursos e xornadas técnicas que financiará o departamento autonómico con 300.000 euros***
- ***A iniciativa forma parte do Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais de Galicia 2011-2014, acordado no seo do Diálogo Social***

A Consellería de Traballo e Benestar financiará cun total de 300.000 euros o desenvolvemento por parte de sindicatos e patronal de 117 actividades de formación en prevención de riscos laborais. En concreto, entre UXT, CC.OO, CIG e CEG realizarán 73 cursos e 44 seminarios e xornadas técnicas ao longo deste ano que se estima que beneficiarán máis de 3.300 traballadores e empresarios. Para levar a cabo esta iniciativa, o Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura dun convenio de colaboración.

Esta actuación forma parte das accións que realiza o departamento autonómico-promoción, asistencia e cooperación técnica, información, divulgación, formación e investigación no eido da seguridade e saúde laboral- para mellorar as condicións de traballo a través da prevención de riscos laborais.

As accións de formación que forman parte do convenio estarán dirixidas aos delegados de prevención, membros dos comités de seguridade e saúde, empresarios que asumen persoalmente a organización preventiva, traballadores designados para este cometido e, en xeral, traballadores e empresarios de Galicia.

As actividades que impartirán sindicatos e empresarios consistirán en xornadas técnicas, seminarios e cursos monográficos de prevención de riscos laborais cunha duración mínima de entre 6,5 e 10 horas respectivamente; cursos de prevención de nivel básico de 30 a 50 horas e de nivel básico de 60 horas que permitan a obtención da tarxeta profesional de construción.

Esta iniciativa, ademais, forma parte do Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais de Galicia 2011-2014, deseñado, consensuado e acordado por todos os axentes implicados no marco do Diálogo Social.

Neste sentido, é preciso lembrar que o Goberno galego mantén a súa aposta pola continuidade dos esforzos en investigación e coñecemento dos riscos laborais e polo respecto e o cumprimento da normativa legal. Por iso, a Consellería de Traballo e

Benestar está a seguir prestando unha atención prioritaria aos colectivos máis vulnerables e seguirá a ampliar o abano de riscos que se deben eliminar ou reducir.

Desta forma, a Xunta está a apostar polo fomento dunha verdadeira política preventiva na empresa e polo reforzo da coordinación e cooperación de todos os actores implicados na prevención de riscos laborais.

## **A XUNTA E O MINISTERIO DE DEFENSA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio polo cal Defensa se compromete a despregar patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión*
- *A Consellería do Medio Rural e do Mar financiará o operativo cun total de 549.913 euros, un 9% máis que o ano pasado*

O Goberno galego aprobou hoxe na súa xuntanza semanal a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Ministerio de Defensa, para a realización de tarefas de prevención de incendios forestais en Galicia. Este acordo establece unha implicación gradual do Exército neste labor, en cooperación coa Xunta, segundo diferentes niveis de risco vinculados á gravidade da situación.

O obxectivo desta colaboración é vixiar e identificar os potenciais axentes causantes de lumes forestais e conseguir que a propia presenza dos medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas. Así, os efectivos militares vanse concentrar nun territorio máis reducido, que coincide coas áreas tradicionalmente máis castigadas polo lume, para mellorar a eficacia da súa presenza como elemento disuasorio, ademais do labor de vixilancia que realizan.

### **Despregamentos**

Durante a campaña contra os incendios forestais en Galicia, o Ministerio de Defensa comprométese a levar a cabo os despramentos operativos de 23 patrullas terrestres con misión de vixilancia e disuasión, de acordo con diferentes niveis de risco.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, comprométese a financiar o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto ascende a 549.913,00 euros, para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e relevos de unidade das Forzas Armadas. O importe aumentou nun 9% con respecto ao ano anterior.



## **A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR DESTINA 750.000 EUROS PARA A ACTUACIÓN EN PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS DOS GRUMIRES**

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración para este fin entre Medio Rural e Mar e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)***
- ***O convenio regula o funcionamento, colaboración e financiamento dos Grupos Municipais de Intervención Rápida (GRUMIR)***

O Goberno galego autorizou, na súa xuntanza de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a actuación en prevención e defensa contra incendios forestais.

Este convenio, que se ven asinando dende o ano 2002, regulará o funcionamento, a colaboración e o financiamento por ambas as partes dun grupo estable e profesional dentro dos Grupos Municipais de Intervención Rápida (GRUMIR) das entidades locais galegas, para un total de 46 concellos que dispoñen deste servizo de maneira estable.

Neste marco, Medio Rural e Mar outorga a estes grupos unha achega de 750.000 euros, para o desempeño dos ditos labores de prevención e extinción. O labor destes grupos conta tamén co apoio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que ten asinado o seu correspondente convenio coa FEGAMP, e da Consellería de Traballo e Benestar.

### **Grupo Municipal de Intervención Rápida**

Os GRUMIR intégranse no dispositivo de prevención e extinción de incendios da Xunta para reforzar o traballo que desempeñan os medios propios da Comunidade Autónoma. Cabe destacar que os Grupos Municipais de Intervención Rápida se suman ao reforzo de persoal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do exército e dos corpos e forzas de Seguridade do Estado, ata completar un operativo de máis de 7.000 persoas en total.

## **A XUNTA APROBA AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DOS 22 CONSELLOS REGULADORES AGROALIMENTARIOS GALEGOS POR CASE 470.000 EUROS**

- ***A través destas achegas, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades clave no fomento e promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade***

O Goberno galego impulsa a promoción dos alimentos de calidade e o seu consumo con axudas por un importe total de 469.432 euros destinadas aos gastos de funcionamento dos 22 consellos reguladores dos produtos agroalimentarios. O Consello da Xunta aprobou hoxe estas subvencións destinadas a un sector fundamental para a economía galega.

A través destas achegas, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades clave no fomento e promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade. Ademais, son de grande axuda para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación.

En Galicia os produtos de calidade supoñen unha facturación anual duns 300 millóns de euros e implican case 30.000 explotacións agrarias –moitas delas de carácter familiar– e 900 industrias. Esta importancia represéntase a través dos consellos reguladores, que difunden a calidade dos produtos agroalimentarios repercutindo no beneficio de todos os cidadáns.

Neste sentido, resulta fundamental para a economía galega –e polo tanto para os cidadáns– manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, na medida en que se dá valor á “marca” Galicia, o que ten indubidables beneficios.

## **O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO PARA A CREAMENTO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA**

- ***O Decreto ten por obxectivo a creación da Axencia de Turismo de Galicia e a aprobación dos seus estatutos.***
- ***A creación da axencia segue a senda da racionalización administrativa, a busca da eficiencia na xestión, o aforro no gasto corrente, a coordinación da xestión turística de Galicia baixo un único paraugas e o desenvolvemento dunha política turística máis eficaz e efectiva***

O Consello da Xunta informa sobre o proxecto de Decreto de Creación da Axencia de Turismo de Galicia que será remitido ao Consello Consultivo. O decreto ten por obxectivo a creación da Axencia e a aprobación dos seus estatutos. A Axencia impulsará, coordinará e xestionará a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

As vantaxes máis significativas serán o reforzamento dos mecanismos de control de eficacia, a promoción da responsabilización por obxectivos na xestión pública das funcións encomendadas e a vocación integradora para aproveitar as sinerxias creadas entre os diferentes órganos e entidades que ata o de agora tiñan competencias sobre distintos aspectos do turismo en Galicia e a creación de economías de escala na xestión.

A Axencia de Turismo de Galicia asume as competencias, recursos e medios materiais que lle corresponden na actualidade á Secretaría Xeral para o Turismo, aos servizos de Turismo nas xefaturas territoriais, á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia e ao Consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia. Tamén asumirá a tutela funcional da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

O decreto de creación da Axencia de Turismo de Galicia regula a natureza, o réxime xurídico, a adscrición, o obxecto e os fins, así como a sede da Axencia de Turismo de Galicia. O envío ao Consello Consultivo de Galicia supón o penúltimo paso antes da súa aprobación polo Consello da Xunta..

A creación da axencia segue a senda da racionalización administrativa, a busca da eficiencia na xestión, o aforro no gasto corrente, a coordinación da xestión turística de Galicia baixo un único paraugas e o desenvolvemento dunha política turística máis eficaz e efectiva.

## **A XUNTA DE GALICIA CONSTATA A METADE DE EXERCICIO QUE CUMPRIRÁ O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA FIXADO PARA ESTE ANO**

- ***Un informe de Facenda sobre a execución ata xuño mostra que a comunidade está en disposición de non superar o déficit do 1,5% do PIB fixado polo CPFF***
- ***O control do déficit público e o rigor orzamentario permiten que Galicia sexa a comunidade autónoma máis solvente***

A Xunta de Galicia constatou que, cos datos coñecidos a metade de exercicio, a comunidade autónoma cumprirá o obxectivo de estabilidade orzamentaria establecido para este ano polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF).

A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, levou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre a execución orzamentaria ao peche do segundo trimestre, que mostra que a Comunidade galega está en disposición de non superar o déficit do 1,5% do PIB fixado polo CPFF.

Desta forma, o Executivo autonómico reitera o seu compromiso coa estabilidade orzamentaria e asegura que seguirá sendo unha comunidade que mantén un control estrito do déficit público, tal e como está a facer ao longo deste lexislatura.

O informe subliña que, grazas á política levada a cabo polo Executivo ao longo da lexislatura, caracterizada polo control do déficit público e polo rigor orzamentario, Galicia é hoxe a comunidade máis solvente de España.

A responsabilidade orzamentarioa que vimos practicando ao longo da lexislatura permítenos poder afrontar este momento nunha situación moito menos complexa que outras autonomías.

## **A XUNTA REBAIXA UN 7% O VALOR DE MERCADO DOS INMOBLES QUE AFECTAN AO 81% DA POBOACIÓN EN PREVISIÓN DA CAÍDA DE PREZOS NESTE SECTOR**

- *Aplicará esta diminución no segundo semestre aos concellos máis dinámicos na evolución dos prezos*
- *Este sistema, que se vai actualizando segundo a evolución do mercado, é voluntario e achega información obxectiva e seguridade xurídica ao cidadán*
- *Os valores fíxanse de forma transparente a partir de estudos de mercado e o contribuínte pode contrastar a súa precisión e obxectividade*

A Xunta de Galicia decidiu revisar á baixa para o segundo semestre a súa orde anual que regula o sistema de prezos medios de mercado para o 81 por cento da poboación, co fin de axestilos á previsible caída dos prezos no sector inmobiliario na segunda parte do exercicio. Aplicará esta diminución no segundo semestre aos concellos máis dinámicos na evolución dos prezos. No resto de municipios mantense o valor actual, que é en todos os casos inferior ao dos concellos revisados.

Aínda que este sistema, que implantou a Consellería de Facenda en 2011, prevé ter unha vixencia temporal dun ano, este departamento autonómico decidiu actualizar os valores medios de mercado a metade de ano, ante unha previsión á baixa dos prezos de vivendas novas no segundo semestre, motivada pola política de vendas máis agresiva que están abordando as entidades bancarias.

Este modelo, que se vai actualizando conforme a evolución do mercado, é voluntario e achega información obxectiva e seguridade xurídica ao cidadán, ademais de permitir evitar a fraude fiscal e mellorar a xestión tributaria.

Facenda considera que a valoración para efectos fiscais de determinadas operacións, como as inmobiliarias, polo valor normal de mercado configúrase como unha norma cautelar ou antifraude, o que, á súa vez, xustifica a facultade de comprobación de valores por parte da Administración tributaria.

Os prezos medios de mercado introducidos están determinados a partir de testemuñas achegadas por entidades valoradoras nacionais e motivados con plena transparencia a partir dos estudos de mercado realizados, de forma que o contribuínte pode contrastar a súa precisión e obxectividade.

A Xunta de Galicia continuará realizando os estudos de mercado pertinentes para adaptar os prezos medios ás variacións do mercado, de maneira que se axusten o máis precisamente posible á realidade de cada momento.

A Administración galega decidiu empregar o sistema de prezos medios de mercado, despois de analizar determinados estudos técnicos, desbotando o sistema que utiliza a estimación de prezos por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal, concretamente mediante a aplicación de coeficientes multiplicadores sobre o valor catastral, debido á súa excesiva xeneralidade e á súa dificultade para recoller as posibles singularidades dos diferentes inmobles.

Este sistema permite ao cidadán coñecer con detalle os criterios empregados para calcular o valor dos inmobles, así como os distintos valores en todas as zonas do territorio galego. Polo tanto, lógrase unha maior transparencia e obxectividade nos criterios empregados na valoración dos bens, e garante un tratamento administrativo homoxéneo en todo o territorio, asegurando a equidade. O modelo achega igualmente seguridade xurídica ao cidadán, xa que a Administración se vincula cos valores publicados, e reduce a litixiosidade.